

AS NOSAS COUSAS



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

CPI SAN TOMÉ DO CARBALLO

2023

ÍNDICE

UNHA ETAPA DE NOVOS COMEZOS

SAMAÍN

MAGOSTO

VOLTA CICLISTA A GALICIA

DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

ALIMÉNTATE BEN

CONTACONTOS

O NADAL

AS NOSAS PRODUCCIÓN

DÍA DA PAZ E DA NON VIOLENCIA

EXCURSIÓN AO ROCÓDROMO E PIRAGÜISMO

ENTROIDO

O NOSO HORTO

DÍA DA MULLER

DÍA DA ÁRBORE

CB CHANTADA

DÍA DO LIBRO

O MUNDO DAS ABELLAS

A NOSA BIBLIOTECA

SAÍDA A AVIFAUNA

OCIO NO PARQUE

SAÍDA A MARROXO E A DOADE

OS MAIOS

LETRAS GALEGAS

AS NOSAS MANUALIDADES

EXCURSIÓN A MADRID

EXCURSIÓN A ASTURIAS E SANTANDER

ORLA 6º PRIMARIA



Unha etapa de novos comezos

Remata outro curso escolar e este é un momento ideal para mirar cara atrás e apreciar todo o que conseguimos ao longo do ano, desde novos coñecementos ata amizades duradeiras. Ao mesmo tempo, esta época tamén trae consigo unha sensación agridoce, coas emocións a flor de pel, e chea de nostalgia ao ter que despedirnos por un tempo dos nosos compañeiros e compañeiras.

Para nós, como mestres e mestras, o fin do curso escolar é un momento de orgullo, no que vemos como os nosos esforzos e a ilusión diaria teñen un impacto positivo na vida do alumnado. É o remate dun ano no que compartimos coñecementos pero, sobre todo, no que intentamos fomentar valores importantes que poidan contribuír no voso crecemento persoal.

Sen dúbida, o fin de curso é un momento de celebración e de despedidas, pero tamén de preparación para unha nova etapa que está a piques de comezar! Só nos queda despedir a aqueles que marchan e agradecer a toda a comunidade educativa a paciencia, o agarimo e a súa contribución para facer posibles as páxinas de **“AS NOSAS COUSAS”**.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA





ESTE SAMAÍN ASUSTA!

Para celebrar o Semaín por todo o alto, comezamos cunha exposición de terroríficas cabaciñas. Non nos decidimos se son fermosas ou aterradoras!



Tamén aproveitamos para decorar os corredores e celebrar o noso, xa tradicional, desfile de disfraces! Dábades tod@s moito medo!



Ed. Infantil



1º Ed. Primaria



2º Ed. Primaria



3º Ed. Primaria





4º Ed. Primaria



5º Ed. Primaria



6º Ed. Primaria



MAGOSTO



Canto nos gusta comer castañas asadas e xogar a xogos populares con elas!





CICLISTAS EN TABOADA!




O venres, 16 de setembro, a Volta Ciclista a Galicia comezou e rematou a etapa en Taboada. Nós aproveitamos a oportunidade para achegarnos á Praza de Riazón a ver aos ciclistas e toda a caravana multicolor que os acompaña. A verdade é que nos deixamos as gorxas animando a todos os ciclistas!



DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO






ALMORZOS SAUDABLES




Este ano participamos no Plan Proxecta “Aliméntate ben” e, como unha das actividades, desfrutamos de deliciosos almorzos saudables!



Tamén tivemos o obradoiro de “Fai clic no teu bocata”, onde aprendemos moitas cousas sobre os peixes en conserva!



Ademais, o alumnado de Infantil, 1º e 2º de Primaria, tivo a ocasión de visitar un supermercado Gadis en Lugo. Aprendemos moito sobre a cadea dos alimentos desde que saen da terra ou o mar ata que chegan á nosa casa.



CONTACONTOS



Polo correo do vento

Tivemos a visita destes grandes autores, que nos presentaron a súa colección de libros cunha gran sesión de animación. Incluso puidemos debuxar nós!



Paco Nogueiras



Este autor veu presentarnos o seu último traballo: "C@nto contigo". Que ben o pasamos!





O NADAL

As vosas postais navideñas foron maravillosas e bonitísimas!

Non hai mellor forma de felicitar o Nadal!





O festival deste ano foi moi variado e divertido! Pasámolo moi ben!



Ed. Infantil





1º e 2º Ed. Primaria





3º Ed. Primaria



4º Ed. Primaria





5º e 6 Ed. Primaria






AS NOSAS PRODUCCIÓN

YADHIRA

Un gato. Un can moi malo



OS DEBERES



Roi vai muito contente ao colégio, porque
tem os deveres feitos.



Um cão lança-se a Roi e
tira-lhe os deveres...




O cão tira a Roi, ao chegar,
e destrói-lhe os deveres.




O cão vai-se com
a mochila de Roi.



Roi chegou ao colégio,
sem os seus deveres.







Carlos e Nuria

Había unha vez un leñador e a súa muller que vivían no alto do monte, nunha humilde cabana cos seus dous fillos Carlos e Nuria. Traballaban moito para darlles de comer, pero non gañaban suficiente. Un día vendo a súa pobre situación e que non eran o progreso para os seus fillos, faláronse e tomaron unha dura decisión, abandonalos nun bosque, para que algún cun bo corazón e que puidese mantelos lles dese mellor vida. Os nenos non daban durmido coa fame e excitáronse toda a conversa e comezaron a chorar. Despois dese faláronse sobre como volver a casa despois de que os abandonasen... Ao día seguinte foron os cabos ao bosque e os nenos quedaron durmidos preto dunha fogueteira. Cando despertaron os pais non estaban e Nuria, a pequena dos dous, comezou a chorar. Carlos díxolle que tiña un plan, que foi deixando cachiríos de pan durante o camiño, pero saíulle mal porque coméronllo os pombos. Andáronse perdidos polo bosque ata que atoparon unha casa con forma de algodon de azucre, con lambetados pegados. Tiñan tanta fame que se achegaron e comerón a comer reluxo de contado, saíu da casa unha vella que semellaba amable e deulle de comer, pero había algo raro nela. Ao día seguinte pechou a Carlos nun cuarto porque quería que engordase e non o conseguía. Nuria deuse conta de que traballaba algo e efectivamente descubriu a súa verdadeira identidade, era unha bruxa. Arregloun un plan e acabou coa bruxa, conseguindo salvar os seus irmáns e saír da casa.

Felices cruzaron o río, uníbanse dun pato que os axudou e como sorpresa, conseguiron chegar a súa humilde cabana. Unha bolsa de xeiros que sacou a súa familia da pobreza.



Yadhira

Polgarino

Érase unha vez unha familia formada por un pai, unha nai e sete irmáns que decidiron emprender unha viaxe en busca de riqueza, ao ver que o seu irmán Polgarino lles dixo que escitou dicir aos seus pais que non tiñan cartos. E Polgarino díxolles aos seus irmáns:

—Teño un plan, cando saíamos a buscar leña cos nosos pais, esconderémonos deles ata que se cansen de buscarnos e, cando marchen, saíremos a buscar cartos.


E os seus irmáns contestáronlle:

—Ben.


O primeiro que atoparon foi a casa dun ogro, que quería comelos, ao decatarse de iso o irmán Polgarino, cambia as coroas das fillas do ogro e púxollas aos seus irmáns, evitando así a súa morte e fuxindo do lugar. O ogro ve o que pasou e vai en busca dos sete irmáns, camiñou tanto que cae esgotado, Polgarino aproveita para saír de onde se agocha, rouba as botas máxicas do ogro e vai á casa do ogro a dicirlle á súa muller que lle entregará todas as súas riquezas que ten. Volve á casa dos seus pais e Polgarino volve para traballar ao rei. Despois dun tempo de traballar e recoller máis cartos volve a súa casa onde viven felices para sempre.



O alumnado de 6º de Educación Infantil elaborou un traballo sobre o conto de “Mister Magnolia”, axudados pola ilusión de Orpi e a colaboración especial das familias e de Javi. Aquí tedes unha mostra do bonito que lles quedou!



DÍA DA PAZ



Abre a tua luz, abre o teu sol,
obre as tuas ás e o teu corazón.



EXCURSIÓN ESCALADA E PIRAGÜISMO

O martes, 23 de maio, os nenos e nenas de 3º e 4º de Primaria realizamos unha saída ao rocódromo de Lugo.

Ilusionados e con ganas de agatuñar ata o cumio chegamos ás instalacións, onde nos recibiron Jandro e Miguel, os monitores, que nos explicaron todo o necesario para realizar a actividade.

Enfundados nos arneses, algo nerviosos e entre os ánimos e aplausos dos nosos compañeiros e compañeiras, gozamos dunha mañá chea de risas e diversión!




Uns martes despois, o 6 de xuño, puxemos rumbo á Área Recreativa de Ponte Mourulle para navegar polas augas do río Miño. O día estivo estupendo!

Valeria, monitora de piragüismo, foi a encargada de explicarnos a actividade. Esta vez vestimos o chaleco salvavidas e “á auga patos”.

Mentres un grupo remaba nos kayaks, o outro equilibrábase sobre unha maxi táboa de paddle surf.

Rematamos mergullándonos todos xuntos á beira do embarcadero!



Entroido



Como en cursos anteriores, o Meco estívonos mandando poñer prendas e adornos de entroido durante toda a semana!

E, antes do baile de entroido, tamén aproveitamos para coller forzas “merendendo” algo diferente!



Ed. Infantil (3-4 anos)



Ed. Infantil (5 anos)



1º Ed. Primaria



2º Ed. Primaria



3º Ed. Primaria



4º Ed. Primaria



5º Ed. Primaria



6º Ed. Primaria



Ademais, este ano, tamén montamos o noso propio Photocall de Entroido! Foi moi divertido!



O NOSO HORTO




Decidimos volver a utilizar o noso horto escolar co obxectivo de coñecer o uso das plantas medicinais. Gracias á axuda de Marcos, que puxo a punto todo o necesario, o alumnado e profesorado de primaria e secundaria retomou a actividade no horto do colexio. Xa veredes que bonito nos quedou!



DÍA DA MULLER






DÍA DA ÁRBORE

Para conmemorar este día, tivemos a visita das brigadas forestais de Chantada, que nos explicaron o seu traballo, a importancia de coidar a natureza e, incluso, nos axudaron a plantar unha árbore no colexio!



VISITA DO CB CHANTADA


Unha representación do CB Chantada veu ao centro a facernos gozar dunha xornada na que, ademais de aprender e mellorar o noso baloncesto, coñecemos os valores deportivos dun equipo que resultou ser campión da súa liga! Parabéns!



DÍA DO LIBRO

Para conmemorar este día estivemos facendo actividades na biblioteca do centro, lemos o noso libro favorito, fixemos marcapáxinas...

Ademais, o alumnado de Infantil visitou dous espazos de Taboada onde hai moitos libros: a biblioteca e a librería Arco Iris.



O MUNDO DAS ABELLAS

Coñecer as abellas, como viven, como traballan, saber distinguilas das velutinas ... aprendemos eso e moito máis na bonita experiencia que compartimos cos Bombeiros Forestais de Galicia!



A NOSA BIBLIOTECA

Ademais de ir a coller libros, Rosa sempre nos prepara unha chea de talleres para celebrar as diferentes conmemoracións!

Gracias, Rosa, pola paciencia e o agarimo!






EXCURSIÓN A AVIFAUNA

O 15 de xuño, o alumnado de Infantil, 1º e 2º de Primaria, realizamos unha saída a Avifauna (Lugo). Alí puidemos aprender moitas características das aves e observar o diferentes e coloridas que son.


O que máis nos impactou é que había unha ave descendente dos dinosauros! E conseguimos que un loro nos saudase antes de saír!




OCIO NO PARQUE




VISITA Á BASE AÉREA DO MARROXO E A DOADE



O 19 de maio tivemos a oportunidade de visitar a Base Aérea do Marroxo e o Aeródromo de Doade, onde nos explicaron o relativo á prevención e á xestión de incendios. Nós tamén miramos polos prismáticos intentando avistar o fume, fixemos soar a alarma e puxémonos o cinto no helicóptero! Afortunadamente, non tivemos a necesidade de ter que engalar!





OS MAIOS



COPLAS MAIOS 2023

CHEGA O MES DAS FLORES
E OS NÓSOS PROFESORES
DIN QUE ANDAMOS ALTERADOS,
PERO NÓS NIN NOS INMUTAMOS.

A PROFESORA DE INGLÉS
SEMPRE NOS ANDA A BERRAR
E NOS MOI CALADOS
SEMPRE TEMOS QUE CONTESTAR.

O PROFESOR DE E. FÍSICA
FIGURAS NOS ENSINOU
ALGUNHAS SAÍRON BEN
E OUTRAS TODO LLE GUSTOU.

TODOS OS MIÉRCORES TEMOS RELIXIÓN
Á PRIMEIRA HORA, AII QUE EMOCIÓN
PERO CANDO Á CLASE CHEGAMOS
TODA A NOSA EMOCIÓN OLVIDAMOS.

SÓ DOUS QUEDAMOS EN VALORES
FACENDO FICHAS E MURAIS
POIS MOI LEDOS CELEBRAMOS
AS FESTIVIDADES ANUAIS.

TEMOS PLÁSTICA EN INGLÉS
E COLOREAMOS CON LEDICIA
POIS ASÍ RELAXÁMONOS
AÍNDA QUE O FACEMOS MOI Á PRISA.

CANDO VÉN A NOSA PT
AGARDÁMOLA CON IMPACIENCIA
POIS ELA LÉVANOS Á SÚA CLASE
ONDE NOS ENSINA MOITA CIENCIA.

CHAMAN Á NOSA PORTA
É A MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE
LÉVANOS POLO PASILLO
COMA SE FORAMOS GRANDES PERSONAXES.

CO PROFESOR DE MÚSICA
ESTAMOS A TOCAR E CANTAR
ALGÚN PÉRDESE NA SOLFA
E TEMOS QUE VOLVER A EMPEZAR.

AO NOSO TITOR TEMOS QUE NOMEAR
POIS MOITAS HORAS AO DÍA NOS ESTÁ A ADICAR
AÍNDA QUE MOITAS DAS VECES
NIN ATENCIÓN LLE ESTAMOS A PRESTAR.

COPLAS DE SEXTO PRIMARIA

CHEGA O MES DE MAIO
CARGADO DE COR,
XA SE VÉN AS XESTAR
CÓ SEU VERDOR.

AS NUBES DESAPARECEN,
XA VÉN O SOLI
VÉN O MES DE MAIO
CARGADIÑO DE ILUSIÓN.

A PRIMAVERA XA CHEGOU,
O INVERNO MARCHOU
F ASÍ O FESTEXAMOS,
ARREDOR DESTE MAIO
QUE COSEU O PROFE MARIO
CON MOITA EMOCIÓN

ÓS DE SEXTO DE TABOADA,
A ESTE MAIO IMOS CANTAR,
ALGÚNS CON MÁGDA E TRISTEZA
PORQUE DO COLE IMOS MARCHAR.

ESTE ANO, ARRED,
TIVEMOS QUE TRABALLAR,
POIS A PRIMEIRO DA ESO
QUEREMOS TODOS E TODAS PASAR

CDA PROFE MARGA,
PASÁMOLO MOI BEN,
MÁNDANOS DEBERES
E ESTUDAR TAMÉN

CON ALFREDO,
MATES A VARRER,
PROBLEMAS, CÁLCULO, XEOMETRÍA...
TIVEMOS QUE APRENDER

DOS NÓSOS MESTRES
TÉMONOS QUE DESPEDIR,
POIS A UNHA NOVA ETAPA,

IMOS AS'STIR,
ADEUS, PROFES!
IMOS AO INSTITUTO
A FACERNOS MAIORES.



LETRAS GALEGAS

Neste ano 2023, o autor homenaxeado o día das Letras Galegas foi Franciso Fernández del Riego.

Francisco naceu na localidade luguesa de Vilanova de Lourenzá en 1913 e faleceu en Vigo en 2010. Foi un dos creadores da editorial Galaxia e presidiu a Real Academia Galega de 1997 a 2001.

Entre os seus libros destacan ensaios sobre a cultura e a literatura galegas como “Historia de la literatura gallega”, “Galicia en el espejo” o “Diccionario de escritores en lingua galega”. Tamén realizou narrativa (“El ciego de Pumardedón”) e escribiu un gran número de artigos poéticos e biografías.





AS NOSAS MANUALIDADES



EXCURSIÓN A MADRID

Os días 7, 8 e 9 de xuño, o alumnado da ESO viaxou a Madrid e a Segovia de excursión de fin de curso. Volveron cargadiños de bos momentos e experiencias inesquecibles!



EXCURSIÓN A ASTURIAS E SANTANDER

Os días 18, 19 e 20 de xuño o alumnado de 5º e 6º de Primaria realizou a súa excursión de fin de curso á zona de Asturias e de Santander. Arrancamos un luns ben cedo para poder aproveitar ao máximo toda a ilusión que tiñamos! E o primeiro que fixemos foi descargar adrenalina nas “tirolinas” da Selva Asturiana!



Visitamos Llanes, San Vicente de la Barquera e aínda nos quedou un chisco de tempo para pisar a area da praia!



Fomos a Cabárceno e, despois, coñecemos Santander e a súa Península de la Magdalena.



Tamén visitamos Santillana del Mar, as covas de Altamira e o Jurásico de Asturias! Aproveitamos e esgotamos cada segundo dunha marabillosa experiencia!





Marga



Alfredo



Laura



Clara



Laura



Begoña



Olga



Javier



Manuel



Brais



Matías



Camila



Xiana M



Padhira



Javier



Nerea



Sarai



Diego



Alex



Anxo



Shíara



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Promoción 2017 / 2023



Xiana O

CPJ San Tomé do Carballo